

XVII

Con grande inquedanza agardaba o día que Miguel debía estar fóra daquel triste calabozo. Erguinme ao amencer e tal era o meu optimismo que cando abrín a ventá do meu cuarto cría estar na nosa casa alá no fogar de Santa Cruz. Aspiraba con pracer o cheiro que despedía a marea baixa e que invadía a habitación, ese aire fresco, húmido e fino que amo tanto e que tan doces recordos me trae da miña vida. Miraba as andoriñas que, pousadas nos fíos do teléfono a semellanza dun disciplinado exército, se dispoñían a partir.

Foi o 28 de setembro, ás tres da tarde, cando falei con Francisco Miguel. Ignoraba que esta sería a derradeira vez porque, de sabelo, teríame matado antes que deixalo. ¿qué man preparou todo con tanta aquela? ¿Quen sería o que verteu nos meus alimentos algunha droga que me obrigou a meterme na cama tal como estaba vestida e calzada? Dun modo moi confuso permanece o acontecido na miña memoria. Cando acabei de cear sentín un gran cansazo, un peso nas pernas, que me obrigou a levantarme da mesa. Ao entrar no meu cuarto caín na cama cun profundo sono que durou ata a madrugada. Lembro tamén que aínda a medio espertar sentía nos meus oídos un lúgubre tanxer de campás e como interrompendo aqueles sons estraños, o reloxo do Instituto deixou caer as sete da mañá. Desde tan cedo xa lucían os balcóns ricos colgadas de encaixe e damasco, ondeaban bandeiras e o sol empezaba a iluminar o día 29, día de festa para os nacionais pola toma do Alcázar de Toledo; triunfo que pagaron coa vida os prisioneiros dos cárceres de Galiza.

Entre músicas, cantos e bandeiras camiño ata o cuartel. Alí interrómpe-me o paso o garda civil que a véspera me dera a noticia de que sentenciaran a cadea perpetua a Miguel.

-¿Onde vai señora e a quen busca?

-A Paco Miguel.

-Non está, saíu ás seis da mañá para o penal de Burgos.

-¿Quen deu esa orde?

-pois supoño que será a lei dos nosos xefes.

-¿E a sentencia a cadea perpetua que vostede me anunciou onte?

-Señora, eu non lle sei. Son as sete e media, dentro dunha hora sae o tren para Burgos, se desexa ver o seu esposo non perda o tempo con preguntas inútiles.

Non son quen de contestarlle. Presinto o peor e estou como cravada no chan. Como unha autómatas repito as palabras do garda civil:

-¿Dime vostede que o trasladaron ao penal de Burgos e que aínda chego a tempo para dicirlle adeus?

-Si señora, se o quere ver non pode perder un minuto.

Non sei, non podo saber como aquela mañá cheguei ata a estación e co corazón traspasado de dor e os ollos vidrados polas bágoas vin partir aquel tren sen o viaxeiro que buscaba. Sen darme conta do que pasa arredor miña, tropezando coa xente, preguntándolle a uns e a outros o camiño do cuartel, chego ás portas da prisión, pero a lucidez que en min brillaba non tardou en desaparecer. A penas lembro quen e como me recolleu e me levou á casa da miña nai onde caín nunha prostración absoluta. A medida que o tempo pasaba ia recuperando o sentido, pero só vía un tren que se afastaba. Sentía o xordo ruído da máquina e, como unha espantosa visión ao meu lado, vía os dous gardas civís que gardaban as portas do cárcere.

¿Non eran os sarxentos Sánchez e Santos os que lle aseguraran a Juan de Jesús Vázquez e ao meu cuñado Antonio Allones que a Miguel someterían a un consello de guerra e que era segura a súa liberdade? Pero, nin o sarxento Santos nin Sánchez estaban na Coruña ese día. Unha chamada urxente obrigáraos a ausentarse do cuartel, aínda que un mes despois uns gardas dixéronme que a noite do crime estaban na cidade.

O garda civil que me negara aos dous sarxentos intenta ter un xesto sinceiro e en ton confidencial dime estas palabras:

-A verdade señora é que o seu marido vai no tercio Extremadura, liña Cáceres.

¿Cómo puiden crer a ese malvado? Pregúntolle desacougada:

-¿Dexou algún recado para min?

-Non, só dixó que lle había escribir cando chegase, que agora no o facía por non ter tempo.

Son as palabras de Miguel as que me axudana correr o veo de mentiras no que me queren enlear: “Ti virás un día como veñen aquí preguntar polos seus infinidade de mulleres e ante enganar o mesmo que a elas. Non che dirán onde me levan. Se algún garda che dá xunto coas miñas cousas este peite, poño isto como marca para dicirche que corro a mesma sorte que os que desapareceron estes días”.

Estas palabras vólvense realidade e as mans dun garda depositan nas miñas o sarape con que se cubría Miguel, dous libros e o peite que me anunciou toda a triste verdade. O eco repite as miñas palabras alá no calabozo: ¿qué fixestes con Francisco Miguel?

Contemplando a súa obra sorrín dous gardas civís.